

i de porco da clase E, tal como se define no número 2 do artigo 4 do Regulamento (CEE) número 2759/75, do Consello, do 29 de outubro de 1975, polo que se establece a organización común de mercados no sector da carne de porcino, no Regulamento (CEE) número 3537/89, da Comisión, do 27 de novembro de 1989, relativo á fase de comercialización á que se refire a media dos prezos do porco sacrificado, e no Regulamento (CEE) número 2123/89, da Comisión, do 14 de xullo de 1989, polo que se establece a lista de mercados representativos para o sector da carne de porcino na Comunidade, rexistrado en España durante a semana precedente ó sacrificio, ó que se lle aplicará un coeficiente de 0,81.

A partir do peso de 110 quilos de peso vivo e por cada 5 quilos do fracción que exceda deste peso, aplicarase unha redución sobre o importe total que vaia percibi-lo gandeiro, da forma seguinte:

Peso en vivo — Quilogramos	Porcentaxe de redución
110,1 a 115	1,1
115,1 a 120	2,2
120,1 a 125	3,3
125,1 a 130	4,4
Máis de 130	5,5

B) Tronco ibérico e os seus cruzamentos:

a) Animais non reprodutores: indemnizaranse baseándose nos prezos medios de mercado, de acordo coa información de prezos facilitada pola Dirección Xeral de Planificación Económica e Coordinación Institucional do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, correspondentes á semana anterior á que se efectúe o sacrificio e para os seguintes tipos de animais:

- 1.º Reprodutores desbotados por vellos.
- 2.º Leitóns ata 23 quilogramos de peso vivo.
- 3.º Leitóns de recría a partir dos 23 quilogramos de peso vivo e ata os 35 quilogramos de peso vivo.
- 4.º Animais a partir dos 35 quilogramos de peso vivo e ata os 60 quilogramos de peso vivo.
- 5.º Animais a partir dos 60 quilogramos de peso vivo e ata os 100 quilogramos de peso vivo.
- 6.º Porcos da ceba desde os 100 quilogramos de peso vivo en diante, e terase en conta nestes os tres tipos de alimentación e comercialización: animais de penso, de receba e de landra.

b) Animais reprodutores:

- 1.º Femias reproductoras de ibérico puro:

De 80 a 125 quilogramos: 153,86 euros.

De 125 a 155 quilogramos: 92,32 euros.

De 155 en diante: 201,94 euros.

2.º Os cruzamentos de ibérico con polo menos un 75 por 100 de sangue ibérico, terán un desconto do 15 por 100.

3.º Os cruzamentos de ibérico con polo menos un 50 por 100 de sangue ibérico, terán un desconto do 25 por 100.

4.º En tódolos casos os machos reprodutores terán un incremento do 25 por 100 da cotización que resulte para as femias do seu cruzamento e peso.

5.º Os animais inscritos en libros xenealóxicos percibirán un incremento do 10 por 100.

2. Unha vez realizado o cálculo ó que se refire o número 1 deste anexo, estes valores poderán ser incrementados ata un máximo dun 10 por 100 para aqueles animais dos que os propietarios poidan acreditar a pertenza a unha agrupación de defensa sanitaria gandeira recoñecida pola Comunidade Autónoma de que se trate, de acordo co disposto no Real decreto 1880/1996, do 2 de agosto, polo que se regulan as agrupacións de defensa sanitaria gandeiras.

21338 REAL DECRETO 1133/2002, do 31 de outubro, polo que se regula, no ámbito das razas equinas, o réxime xurídico dos libros xenealóxicos, as asociacións de criadores e as características zootécnicas das distintas razas. («BOE» 265, do 5-11-2002.)

Nesta disposición establécese a regulación normativa referente ás condicións zootécnicas e xenealóxicas dos équidos de pura raza e os équidos rexistrados, co fin de dotar dun marco normativo uniforme común, que garanta a súa adecuada conservación e mellora, conforme os criterios inspiradores contidos na Directiva 90/427/CEE, do Consello, do 26 de xuño, relativa ás condicións zootécnicas e xenealóxicas que regulan os intercambios intracomunitarios de équidos; na Directiva 91/174/CEE, do Consello, do 25 de marzo de 1991, relativa ás normas zootécnicas e xenealóxicas que regulan a comercialización de animais de raza e pola que se modifican as directivas 77/504/CEE e 90/425/CEE e disposicións concordantes.

Durante os últimos anos, os cambios sufridos nas disposicións aplicables, así como a notable mellora na calidade das distintas razas, unido á intensa evolución experimentada no sector, fan necesario actualizala regulamentación vixente neste ámbito, contida fundamentalmente no Real decreto 1026/1993, do 25 de xuño, sobre selección e reprodución de gando equino de razas puras; a Orde 228/1978, do 26 de decembro, do Ministerio de Defensa, pola que se aproba o Regulamento do rexistro-matrícula dos animais de pura raza, e a Orde 70/1986, do 21 de agosto, do Ministerio de Defensa, pola que se crea o rexistro-matrícula para a raza cabalar hispano-árabe.

Neste real decreto consérvanse aqueles aspectos que a experiencia adquirida aconsella manter e modifícanse aqueles outros que precisan dunha urxente actualización, coa finalidade básica de dar unha maior participación e representatividade nos distintos órganos de decisión ós criadores, a través das súas correspondentes asociacións.

A especial configuración e características das razas equinas, cunhas aptitudes e utilidades moi diferentes ó resto das especies gandeiras, obriga a establecer unha normativa propia que garanta un alto grao de homoxeneidade para a súa adecuada regulación e tutela. Así, configúranse os libros xenealóxicos de équidos de pura raza e équidos rexistrados, como rexistros administrativos de titularidade pública, debendo existir un só para cada raza.

De acordo con esta configuración, este real decreto establece o marco xurídico no que deben desenvolverse as actuacións que afectan os libros xenealóxicos e outras actividades que se derivan deles, a través da súa xestión por un organismo oficial ou por organizacións ou asociacións privadas de criadores de équidos, libremente constituídas, dirixidas á conservación, a mellora e a promoción das razas.

Esta disposición dítase ó abeiro da habilitación contida no artigo 149.1. 13.ª da Constitución, que lle atribúe

ó Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Na tramitación deste real decreto foron consultadas as entidades representativas do sector e as comunidades autónomas.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, logo de aprobación do ministro de Administracións Públicas e informe favorable do Ministerio de Defensa, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 31 de outubro de 2002,

DISPONGO:

CAPÍTULO I

Principios xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto establece as condicións zootécnicas e xenealóxicas dos équidos de pura raza e équidos rexistrados, o réxime xurídico referente á xestión dos libros xenealóxicos, procedementos e criterios de inscrición do gando equino nos libros de carácter nacional e internacional e de selección de reprodutores. Así mesmo, establece o réxime xurídico das asociacións e organizacións de criadores de équidos rexistrados.

Artigo 2. *Razas puras equinas e équidos rexistrados.*

1. Para os efectos do disposto neste real decreto, entenderase por:

a) Équido: o animal doméstico da especie equina ou asnal ou o animal obtido do cruzamento delas.

b) Équido rexistrado: o équido inscrito ou rexistrado ou que o poida ser nun libro xenealóxico, de conformidade cos criterios que se establecen para a súa inscrición e identificación no presente real decreto.

2. Esta regulación será de aplicación ás seguintes razas equinas e ós équidos rexistrados que, para os efectos da presente disposición, serán considerados como de raza pura:

a) Dentro do ámbito nacional:

1.º De sela: pura raza española (PRE), pura raza árabe (PRA), puro sangue inglés (PSI), raza anglo-árabe (A-a), raza hispano-árabe (H-a) e cabalo de deporte español (CDE).

2.º Trotadores: trotador español (TE).

3.º De tiro (Tiro): bretona, postier-bretona, percherona e ardenesa.

b) As comunidades autónomas establecerán a relación das razas puras equinas de ámbito autonómico, así como os criterios de pureza determinantes delas, de acordo co previsto neste real decreto.

Artigo 3. *Libro xenealóxico.*

1. O libro xenealóxico, que será único para cada raza, é o rexistro administrativo de titularidade pública no que figuran inscritos os équidos de raza pura, facendo mención dos seus ascendentes e descendentes.

2. O libro xenealóxico será xestionado por un servizo oficial, para a realización das seguintes funcións:

a) Elaboración e mantemento do libro xenealóxico de équidos de pura raza.

b) Inscrición no rexistro dos équidos de raza pura, logo de acreditación do cumprimento dos requisitos

específicos establecidos para a dita raza, conforme o disposto neste real decreto.

c) Identificación e cualificación dos animais.

d) Establecemento das modalidades e o procedemento para a valoración dos reprodutores.

e) Colaboración coas asociacións de criadores recoñecidas para a elaboración e execución do esquema de selección e plan de mellora, avalado polo asesoramento científico dalgunha entidade, departamento de xenética ou centro de investigación, para levar a cabo unha avaliación xenética dos animais, a partir dos resultados da valoración dos reprodutores e do control de rendementos.

f) Definición das normas dos concursos e competicións, conxuntamente coas asociacións de criadores recoñecidas, para anota-los resultados dos animais participantes nos correspondentes rexistros de méritos, para o control dos rendementos e a súa consideración nos esquemas de selección e verifica-lo seu cumprimento.

g) Realización do control de rendementos, parentescos e filiación.

h) Elaboración dunha relación de criadores, ós que lles deberán outorgar un código ou sigla de identificación e actualización dela con carácter anual, indicando o estado de cada gandería (altas e baixas).

i) Establecemento dos certificados de nacemento, cubrición, inseminación artificial, trasplante de óvulos ou embrións, de inscrición, de valoración de équidos e demais documentos de identificación previstos neste real decreto ou na normativa comunitaria.

j) Emisión e divulgación de boletíns informativos, revistas ou outras publicacións e medios de difusión, en particular para a información relativa ós animais incluídos nos diferentes rexistros do libro xenealóxico. Deberá diferenciarse entre os reprodutores, machos e femias, e os seus produtos, con indicación dos datos máis significativos: nome, sexo, ascendentes en dúas xeracións, descendentes, código, capa, ano de nacemento, criador e propietario.

3. No ámbito da Administración xeral do Estado, o organismo autónomo Fondo de Explotación dos Servizos de Cría Cabalar e Remonta, adscrito ó Ministerio de Defensa, é o organismo designado polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación como servizo oficial do Estado, o cal desenvolverá as funcións do punto 2 deste artigo conforme os criterios establecidos neste real decreto.

Artigo 4. *División do libro xenealóxico.*

1. O libro xenealóxico estará integrado, polo menos, polos seguintes rexistros:

a) Rexistro de nacementos: para aqueles équidos de ámbolos sexos nados de reprodutores pertencentes ó rexistro principal ou ó rexistro auxiliar, no caso de que exista este último, e que cumprisen as condicións do artigo 7.

b) Rexistro principal: para aqueles exemplares que cumprisen tres anos e procedan do rexistro de nacementos e cumpran as condicións establecidas para cada raza.

Dentro deste rexistro existirán os seguintes rexistros especiais, sempre que non o impida a normativa internacional propia da raza:

1.º Rexistro de reprodutores cualificados: no que se inscribirán os animais que superasen favorablemente as probas de valoración previstas no artigo 8.1.a) deste real decreto.

2.º Rexistro de reprodutores de elite: para aqueles exemplares que sexan sometidos a unha avaliación xenética

ítica, segundo está previsto no artigo 8.1.b) deste real decreto.

2. Ademais, salvo nos supostos en que, de conformidade coa normativa internacional, non sexa posible, poderán constituírse os seguintes rexistros, que se axustarán ós criterios técnicos de cada raza:

a) Rexistro auxiliar: para aqueles équidos ou os seus descendentes que, ou ben teñen algunha xenealoxía descoñecida, ou ben non foron rexistrados no seu momento por seren declarados non aptos para a reprodución ou por outras circunstancias, pero que superan o exame de cualificación previsto para cada raza gandeira e demostran por eles mesmos ou polos seus descendentes unhas calidades morfolóxicas e funcionais notables.

Os descendentes destes animais poderán acceder ó rexistro de nacementos, se os ditos animais se reproducen con reprodutores do rexistro principal, nas condicións que se determinen para cada raza.

b) Rexistro fundacional: para libros xenealóxicos de nova creación, que non contan con exemplares rexistrados, no que se incluírán aqueles animais que cumpran as características mínimas para a recuperación da raza ou as condicións establecidas regulamentariamente para a apertura dese novo rexistro.

c) Rexistro de méritos: no que se inscribirán os animais que, ademais de cumpriren os requisitos previstos no artigo 8.1.a), demostrasen unhas calidades morfolóxicas e funcionais sobresaíntes.

Artigo 5. *Censo nacional equino de puras razas.*

1. O servizo oficial designado para a xestión dos libros xenealóxicos dos équidos de pura raza de ámbito nacional facilitará a información recollida neles á Dirección Xeral de Gandería do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, debidamente actualizada anualmente, que incluírá a información relativa ó censo de animais vivos, machos e femias, inscritos nos seus rexistros. Para iso, os criadores deberán remitir ó citado servizo oficial os estados de gandería, con indicación das altas e baixas, antes do 31 de decembro de cada ano.

2. As comunidades autónomas remitirán á Dirección Xeral de Gandería a información relativa ó censo dos animais rexistrados nos libros xenealóxicos de ámbito comunitario.

CAPÍTULO II

Normas procedementais

Artigo 6. *Identificación dos animais.*

1. Os equinos deberán ser descritos e ir acompañados dun documento de identificación que reúna os datos mínimos que figuran no anexo deste real decreto; o nome asignado e a súa codificación terá en conta os criterios internacionais.

2. Para aqueles nados a partir do 1 de xaneiro de 1998, será preceptivo o pasaporte establecido pola Decisión 93/623/CEE, da Comisión, do 20 de outubro de 1993, pola que se establece o documento de identificación que debe acompañar aos équidos rexistrados, modificada pola Decisión 2000/68/CE, da Comisión, do 22 de decembro de 1999.

3. Os équidos de pura raza de ámbito nacional deberán ser descritos tralo seu nacemento. A descrición realízaraa un veterinario oficial ou persoal autorizado pola autoridade competente para estes efectos a pé da nai e antes da desteta, complementándoa no mesmo acto coa implantación dun sistema electrónico de identificación adecuado á normativa ISO (microchip) e a toma

de mostras para a realización da análise dos seus marcadores xenéticos. O microchip deberá ser implantado no lado esquerdo do pescozo do animal, no tercio superior e baixo o ligamento cervical.

4. A descrición deberase actualizar, no caso de animais que se cualifiquen para a reprodución ou por soidade do gandeiro.

5. Nos intercambios intracomunitarios, os équidos rexistrados no estado de expedición deberán, salvo excepción convida de mutuo acordo entre as dúas organizacións ou asociacións de que se trate, ser rexistrados ou inscritos no libro xenealóxico correspondente cando España sexa o estado de destino, cada un co mesmo nome, facendo mención da sigla do país de nacemento, de conformidade cos acordos internacionais.

6. O nome do orixe do équido poderá ir precedido ou seguido por outro nome, incluso con carácter provisional, coa condición de que o nome de orixe se manteña entre parénteses, durante a vida do équido de que se trate, e que se indique o seu país de nacemento por medio das siglas recoñecidas nos acordos internacionais.

Artigo 7. *Inscripción dos équidos no libro xenealóxico.*

1. Só serán obxecto de inscrición nos seus respectivos libros xenealóxicos os exemplares nos que concorran as circunstancias que se especifican no presente real decreto e dos que a orixe e xenealoxía fosen debidamente contrastados.

2. No rexistro de nacementos do libro xenealóxico correspondente a cada unha das razas enumeradas no artigo 2 inscribíranse, como produtos a título de ascendencia, os animais que cumpran os seguintes requisitos:

a) Provir de proxenitores inscritos nun libro xenealóxico desta raza, ou de proxenitores admitidos en cruzamento para produci-la dita raza, levado por un servizo oficial ou por unha asociación ou organización recoñecida oficialmente para tales efectos.

b) Ter sido declarada a cubrición polo paradiста, cando esta fose realizada por monta natural, ou no caso de que iso fose posible de conformidade coa normativa propia de cada raza, ter sido declarada a inseminación artificial ou a transferencia de embrións, polo facultativo veterinario responsable delas, e ter sido declarado o nacemento, polo facultativo veterinario, a través dos documentos ou impresos establecidos para estes efectos.

c) Ter sido identificados, segundo establece o artigo 6 deste real decreto.

d) Ter controlado a filiación mediante a análise dos marcadores xenéticos, seguindo os criterios internacionalmente recoñecidos e segundo determine a normativa de cada raza.

e) Ter solicitado a inscrición nun libro xenealóxico no prazo máximo de seis meses desde o nacemento do produto.

3. A inscrición a título inicial como reprodutores será para aqueles équidos que non cumpren os requisitos do punto anterior, pero que se autorizan para a reprodución e rexistro nun libro xenealóxico determinado, se cumpren as seguintes condicións:

a) Ter sido identificados segundo establece o artigo 6.

b) Ter superado as condicións morfolóxicas e funcionais establecidas para ese libro xenealóxico.

c) Ter sido admitidos pola entidade que xestione o libro xenealóxico.

4. Sen prexuízo do Real decreto 52/1995, do 20 de xaneiro, que establece os principios relativos ás con-

dicións zootécnicas e xenealóxicas aplicables á importación de animais, esperma, óvulos e embrións procedentes de países terceiros, os équidos importados para a súa inscrición deberán cumprilas seguintes condicións:

- a) Ter comunicado a súa importación e solicitado a súa inscrición.
- b) Ter achegado o pasaporte ou carta xenealóxica ou, se é o caso, o certificado de exportación emitido pola entidade que xestione o libro xenealóxico do país de orixe.
- c) Cumprilas condicións para a inscrición no libro xenealóxico desa raza.

Artigo 8. *Valoración de reprodutores.*

1. Para a súa cualificación como «reprodutores cualificados» ou «reprodutores de elite», cando iso sexa posible de acordo coa normativa específica propia de cada raza, os équidos serán sometidos a unha valoración que poña de manifesto as súas calidades xenéticas e reproductoras, coas seguintes modalidades:

a) «Reprodutores cualificados»: aqueles reprodutores de tres ou máis anos de idade, machos e femias, que demostren unha aptitude mínima para a reprodución por superación do nivel básico establecido para o prototipo racial ou morfoloxía, proba funcional e exame do aparello reproductor.

A cualificación dos animais como «reprodutores cualificados» figurará no seu pasaporte ou carta xenealóxica.

b) «Reprodutores de elite»: aqueles reprodutores de sete ou máis anos de idade, machos e femias, que estean incluídos no rexistro de reprodutores cualificados e que fosen sometidos a unha avaliación xenética, no marco do esquema de selección, a través do control dos parámetros morfolóxicos, funcionais e reproductivos dos propios animais e dos seus descendentes.

Poderán ser considerados, así mesmo, reprodutores de elite aqueles animais, machos ou femias, que, aínda que non estean incluídos no rexistro de reprodutores cualificados, tivesen descendentes con destacados méritos deportivos no marco do plan de mellora da raza.

2. Os animais que fosen cualificados aptos como reprodutores con base en normativas anteriores á entrada en vigor deste real decreto figurarán no rexistro principal.

Artigo 9. *Esquema de selección e plan de mellora.*

1. Os resultados da valoración de reprodutores e do control de rendementos serán integrados nun esquema de selección e plan de mellora, que permita unha avaliación obxectiva dos animais, co fin de alcanzar unha mellora xenética no cabalo de pura raza.

2. O esquema de selección e plan de mellora será desenvolvido conxuntamente polo servizo oficial e polas asociacións de criadores recoñecidas, e analizado pola Comisión Xeral dos Libros Xenealóxicos de Équidos, e será aprobado polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Artigo 10. *Control de rendementos.*

O control de rendementos levarase a cabo co fin de coñece-lo valor xenético dos animais e poderá efectuarse a través de calquera dos seguintes puntos:

a) Probas de testaxe realizadas en estacións de control de rendementos ou centros de adestramento autorizados, para homologa-las condicións e limita-lo factor ambiental, nunha serie de animais que serán sometidos

a varias probas establecidas con fins de coñece-las súas aptitudes.

- b) Probas de campo.
- c) Resultados de probas ou concursos morfolóxicos e funcionais.
- d) Índices individuais a raíz dos resultados das competicións nas diversas disciplinas hípcas.
- e) Índices xenéticos que consideren tódolos datos xenealóxicos, deportivos e ambientais dos animais para coñece-los seus valores xenéticos como reprodutores e o control da súa descendencia.

Artigo 11. *Recursos.*

1. Contra os actos dictados polas entidades que xestionen os libros xenealóxicos dos équidos, en exercicio das facultades previstas no presente real decreto, caberá recurso administrativo dealzada, ante o órgano competente da Administración que designase ó servizo oficial.

2. No ámbito da Administración xeral do Estado, contra os actos dictados polo Fondo de Explotación do Servizo de Cría Cabalar e Remonta, na súa calidade de organismo de xestión dos libros xenealóxicos de équidos de ámbito nacional, poderá interporse recurso de alzada ante o director xeral de Gandería do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

CAPÍTULO III

Órganos de colaboración

Artigo 12. *Comisión Xeral dos Libros Xenealóxicos de Équidos.*

1. Coa finalidade de inspeccionar, verificar e controlar a adecuada xestión dos libros xenealóxicos dos équidos de pura raza de ámbito nacional, así como de representar un foro de encontro entre a Administración e os sectores afectados, créase a Comisión Xeral dos Libros Xenealóxicos de Équidos.

2. A Comisión Xeral dos Libros Xenealóxicos de Équidos, órgano colexiado de carácter interdepartamental, estará adscrita ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, a través da Secretaría Xeral de Agricultura, de acordo coa seguinte composición:

a) Presidente: o director xeral de Gandería, con voto de calidade.

b) Vicepresidentes:

1.º Primeiro: o presidente do organismo autónomo Fondo de Explotación do Servizo de Cría Cabalar e Remonta.

2.º Segundo: o subdirector xeral de Alimentación Animal e Zootecnia.

c) Vocais:

1.º Tres vocais designados polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

2.º Tres vocais designados polo Ministerio de Defensa.

3.º Un vocal en representación de cada unha das razas equinas de ámbito nacional, designado polas organizacións ou asociacións recoñecidas.

d) Secretario: un funcionario da Subdirección Xeral de Alimentación Animal e Zootecnia, designado polo director xeral de Gandería, con voz e voto.

Poderán formar parte desta comisión, en calidade de asesores técnicos con voz pero sen voto, os representantes do ámbito científico ou deportivo que o Ministerio

i de Agricultura, Pesca e Alimentación determine en cada caso.

3. Corresponde á comisión:

- a) Verifica-lo funcionamento dos distintos libros.
- b) Emitir informes dos proxectos de disposicións de carácter xeral aplicables ó gando equino.
- c) Propo-las modificacións necesarias da normativa que regule os procesos de selección e valoración das distintas razas equinas e analiza-os plans de mellora, tralas propostas das subcomisións das razas previstas no punto 4.
- d) Determina-los controis sanguíneos ou de ADN aplicables a cada raza que garantan a autenticidade das inscricións.
- e) Manter relacións cos organismos internacionais que realizan a mesma función nos distintos países.
- f) Propo-la inclusión no catálogo oficial de razas de gando de España de novas razas equinas.
- g) Determinar anualmente o número máximo de femias para que sexan cubertas ou inseminadas por un mesmo semental.
- h) Emitir informe sobre as solicitudes de concesión administrativa para a xestión dos libros xenealóxicos de raza a unha asociación ou organización de criadores de équidos de pura raza.
- i) Servir de órgano permanente de relación entre a Administración xeral do Estado e as asociacións de criadores de équidos rexistrados.

4. A Comisión Xeral dos Libros Xenealóxicos de Équidos constituirá subcomisións encargadas de presta-lo apoio técnico necesario no exercicio das súas funcións, podendo crear unha subcomisión por raza. As ditas subcomisións, que terán a consideración de grupos de traballo, manterán o mesmo equilibrio de representantes da Administración xeral do Estado e das entidades representativas das razas.

5. O réxime xurídico no non previsto neste real decreto axustarase ás normas contidas en materia de órganos colexiados no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 13. *Centro de referencia para selección, probas de adestramento e control de rendementos.*

O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación designará, por proposta da Comisión Xeral dos Libros Xenealóxicos de Équidos, os centros de referencia oficial para realizar e contrastar, se é o caso, as probas de selección, adestramento, control de rendementos e demais actuacións que realicen as entidades xestoras dos ditos libros.

Artigo 14. *Centro de referencia para reprodución e métodos artificiais de reprodución.*

1. O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación designará o centro que actúe de referencia para homologar tódalas actividades relativas á reprodución animal e o banco de xermoplasma animal.

2. O comité de reprodución e banco de xermoplasma animal de España orientará sobre os criterios polos que se deben rexe-la extracción, utilización e conxelación de seme, óvulos e embrións e coordinará a aplicación das actividades reproductivas nas diferentes razas gandeiras.

3. Os métodos artificiais de reprodución (inseminación artificial, transplante de óvulos e embrións), para os efectos da inclusión destes produtos no libro xenealóxico, só estarán autorizados nas razas autóctonas para os animais pertencentes ós rexistros de reprodutores

cualificados e de reprodutores de elite incluídos no rexistro principal.

Para as razas que non son autóctonas, a utilización destes métodos seguirá as directrices internacionais.

4. Os certificados que deben acompañar-lo seme, óvulos e embrións para a futura inclusión dos animais no libro xenealóxico son aqueles establecidos pola Decisión 96/79/CE, da Comisión, do 12 de xaneiro de 1996, pola que se establecen os certificados zootécnicos relativos ó esperma, ós óvulos e ós embrións dos équidos rexistrados.

Artigo 15. *Laboratorio de identificación e control de filiación.*

O Laboratorio de Xenética Molecular do organismo autónomo Fondo de Explotación dos Servicos de Cría Cabalar e Remonta désígnase como centro de referencia para a realización dos marcadores xenéticos, co fin de homologa-las técnicas de análise, seguindo os criterios internacionais na materia, para garanti-las xenealoxías dos équidos inscritos nos libros xenealóxicos.

CAPÍTULO IV

Organización e asociacións

Artigo 16. *Organizacións ou asociacións de criadores de équidos de pura raza.*

1. As organizacións ou asociacións de criadores de équidos de pura raza son entidades asociativas privadas, de ámbito nacional, sen ánimo de lucro e con personalidade xurídica e patrimonio propio e independente do dos seus asociados, integradas fundamentalmente polos criadores e constituídas con fins de conservación, mellora e fomento das razas equinas. Para os efectos previstos no presente real decreto, entenderase por criador a persoa que cría animais de raza pura equina co obxectivo da súa reprodución e que é o propietario da nai no momento do nacemento do produto.

2. As organizacións ou asociacións de criadores de équidos de pura raza serán recoñecidas oficialmente unha vez acreditado que o seu obxecto social ten como fin prioritario a promoción e defensa das razas puras equinas e están abertas, sen discriminación, á posibilidade de integración nelas de criadores e titulares dos équidos de pura raza.

3. O recoñecemento outorgarase por solicitude da asociación ou organización interesada de conformidade co procedemento previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. Xunto coa solicitude deberá mandarse copia autorizada ante notario dos estatutos da organización ou asociación, na que consten os seguintes extremos:

- a) Denominación, obxecto asociativo e relación das razas equinas ás actuacións de promoción e defensa das cales se constitúen e ámbito territorial de actuación.
- b) Criterios de constitución, no que se especifique que a integración na asociación estará aberta, sen discriminación, ós criadores e titulares de équidos de pura raza que o soliciten, os cales deberán dispor dun código ou sigla para a súa identificación.
- c) Domicilio social e outros locais e instalacións.
- d) Estructura orgánica xeral, con expresión concreta dos órganos de goberno, representación, administración e control.
- e) Dereitos e deberes básicos dos seus membros.
- f) Sistema de responsabilidade dos titulares e membros dos diferentes órganos.

g) Sistema de elección e cesamento dos titulares dos órganos de goberno e representación, garantindo a súa provisión mediante sufraxio libre, igual, directo e secreto.

h) Réxime de funcionamento en xeral e, en particular, adopción dos acordos dos seus órganos colexiados.

i) Réxime económico-financieiro e patrimonial que deberá precisa-lo carácter, procedencia, administración e destino dos seus recursos.

j) Réxime documental da asociación, incluíndo os sistemas e causas de información ós socios ou criadores.

k) Réxime disciplinario interno.

l) Causas de extinción e disolución.

m) Procedemento para a aprobación e reforma dos seus estatutos e regulamentos internos.

5. As organizacións ou asociacións de criadores de équidos de pura raza xuridicamente recoñecidas terán a consideración de entidades representativas para efectos da súa interlocución e colaboración na toma daquelas decisións que poidan afecta-los intereses que representan, en particular, no seguimento e execución dos programas específicos de selección, mellora e de recuperación, e na realización de concursos, exposicións e certames públicos.

6. O incumprimento dos requisitos determinantes do dito recoñecemento dará lugar, logo de instrución do procedemento administrativo no que necesariamente terá audiencia a asociación ou organización interesada, á declaración de extinción do recoñecemento.

7. Co obxecto de avalia-lo grao de representatividade da raza a través das distintas organizacións ou asociacións de ámbito nacional oficialmente recoñecidas, estas remitirán anualmente no mes de decembro ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación acreditación fidedigna do número de criadores e de eguas propiedade dos seus asociados, dato co que se determinará o seu grao de representatividade.

Artigo 17. *Competencia.*

1. Correspóndelle ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación o recoñecemento oficial das organizacións ou asociacións de criadores de équidos, conforme os criterios establecidos neste real decreto, e a regulación das razas equinas de ámbito nacional.

2. Correspóndelles ás comunidades autónomas outorga-lo recoñecemento oficial das organizacións ou asociacións de criadores de équidos e a regulación das razas equinas autóctonas de ámbito autonómico.

Artigo 18. *Rexistro xeral de organizacións e asociacións de criadores de équidos de pura raza.*

1. No Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación constituirase un rexistro xeral de organizacións ou asociacións de criadores de équidos de pura raza, no que se incluírán todas aquelas que obtivesen o recoñecemento oficial de acordo co regulado neste real decreto e realizaranse as anotacións que as afecten, incluída, se é o caso, a súa extinción.

2. As comunidades autónomas comunicaranlle ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación as resolucións de concesión e extinción do recoñecemento das organizacións ou asociacións e das concesións administrativas para a xestión das razas equinas autóctonas, así como calquera outro dato subministrado por elas, para practica-las correspondentes anotacións e modificacións que sexan precisas no rexistro xeral a que se refire o punto anterior.

Artigo 19. *Concesión de axudas e incentivos.*

Os ministerios de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Defensa financiarán e establecerán, segundo as disponibilidades orzamentarias, liñas de axuda ás organizacións ou asociacións de criadores recoñecidas e ás entidades concesionarias da xestión dos libros xenealóxicos, pola realización de actuacións que teñan por obxecto a promoción e defensa das razas puras equinas, e, en particular, pola realización das seguintes actividades:

a) Elaboración e posta en práctica dos plans de mellora e esquemas de selección.

b) Realización de probas para o control de rendementos.

c) Realización de estudos e estatísticas en materia de etnoloxía, zootecnia e produción.

d) Creación de bancos de xermoplasma.

e) Importación e compra de animais e material xenético de alto valor.

f) Actividades do libro xenealóxico.

g) Asistencia a reunións, certames, concursos, poxas e exposicións, de carácter nacional ou internacional.

h) Realización de cursos de formación.

i) Realización e promoción de certames gandeiros.

j) Primas á reprodución con animais cualificados e de elite.

Disposición adicional primeira. *Xestión dos libros xenealóxicos por unha organización ou asociación.*

1. Concesión administrativa:

a) Por razóns de interese público poderá atribuírse, de conformidade cos criterios establecidos na presente disposición adicional, a xestión do libro xenealóxico dunha raza equina a unha organización ou asociación de criadores representativa da mencionada raza. A dita designación corresponderalle ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación logo de informe do Ministerio de Defensa cando se trate de razas de ámbito nacional e ó órgano competente da Comunidade Autónoma cando se trate de razas de ámbito autonómico.

b) Para cada raza equina só poderá existir unha asociación ou organización recoñecida para o mantemento do libro xenealóxico. A concesión para a xestión do libro xenealóxico outorgarase, cando se considere conveniente ó interese público, baixo os principios de non discriminación e libre concorrencia, á asociación ou organización de criadores recoñecidas de conformidade co previsto nos artigos 16 e 17, que mellor se adecue ó cumprimento dos fins previstos neste real decreto, valorándose para iso o grao de representatividade e implantación, a imparcialidade para o exercicio das funcións e a capacidade e os medios, postos á disposición para a consecución das funcións previstas neste real decreto.

c) As organizacións ou asociacións de criadores de razas equinas recoñecidas que desexen solicita-la concesión administrativa para a xestión do libro xenealóxico deberán presentar xunto coa solicitude:

1.º Acreditación, que deberá figurar nos estatutos da organización ou asociación, de garantir un trato non discriminatorio ós criadores, estean ou non integrados nesta, e ás demais organizacións ou asociacións constituídas para a defensa das razas equinas e prestación dos servizos do libro xenealóxico a tódolos interesados que cumpran os requisitos, sexan socios ou non, nas condicións que se acorden ó concede-lo título de entidade colaboradora.

2.º Acreditación de dispor dun número de explotacións suficiente e dun censo adecuado de femias repro-

ductoras e sementais para levar a cabo un programa de selección e mellora.

3.º Acreditación de te-la infraestructura necesaria tanto en medios materiais como en persoal cualificado, en particular con formación veterinaria, ben sexan propios ou contratados, para o desenvolvemento de tódalas funcións previstas na presente disposición.

4.º Acreditación de ter capacidade para exercer os controis para o rexistro de xenealoxías e para facilita-los datos que permitan a realización do programa de mellora.

5.º Recursos financeiros para a realización de tódalas actividades previstas na presente disposición, para o cal presentarán o orzamento dos gastos e os ingresos, ben por prestacións de servicios ou achegas de socios, ou ben por outros recursos, ademais das subvencións concedidas por parte da Administración.

d) Unha vez outorgada a concesión, terán a consideración de entidades colaboradoras da Administración na xestión dos libros xenealóxicos, e someteranse ó previsto na citada Lei 30/1992.

e) O ámbito territorial de actuación das organizacións ou asociacións a que se refire este artigo, no desenvolvemento das competencias que lles son propias, esténdese ó conxunto do territorio nacional.

2. Funcións:

a) As organizacións ou asociacións concesionarias dos libros xenealóxicos dos équidos de pura raza exercen, baixo a coordinación e tutela do órgano competente da Administración que outorgase a concesión administrativa, as funcións públicas de carácter administrativo a que se refire o artigo 3.2 deste real decreto.

b) Unha vez recoñecidas, estarán obrigadas a subministra-la información a que se refire o artigo 5 da presente disposición, para o cal solicitarán dos gandeiros e criadores asociados a información relativa ós estados de gandería e de altas e baixas.

c) As organizacións ou asociacións concesionarias da xestión dos libros xenealóxicos das razas equinas desempeñan as funcións de tutela, control e supervisión que lles recoñece o ordenamento xurídico. Os actos realizados por estas no exercicio das funcións públicas de carácter administrativo, anteriormente citadas, son susceptibles de recurso de alzada ante o órgano competente da Administración que outorgase a concesión administrativa.

d) No ámbito da Administración xeral do Estado, será competente, para os efectos previstos no punto anterior, o director xeral de Gandería, do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, os actos do cal esgotan a vía administrativa.

3. Causas de revogación da concesión administrativa para a xestión dos libros xenealóxicos de équidos:

a) Son causas de revogación:

1.º A inscrición nos rexistros do libro xenealóxico de équidos sen observancia dos requisitos previstos neste real decreto.

2.º A negativa a practica-la inscrición de équidos por causas inxustificadas, unha vez recaída a resolución definitiva estimatoria da inscrición.

3.º Calquera negligencia grave no deber de subministración dos datos e documentos identificativos dos animais ós socios ou criadores.

4.º A constatación fidedigna de outorgar un trato discriminatorio ós criadores ou titulares dos équidos, estean ou non integrados na asociación.

5.º Calquera outro incumprimento grave e reiterado das funcións para as que foi recoñecida.

b) Nos procedementos tramitados pola Administración xeral do Estado, a revogación da concesión requirirá o previo informe do inspector técnico de raza, debidamente razoado, e da Comisión dos Libros Xenealóxicos de Équidos, logo de audiencia da organización afectada.

4. Inspector técnico da raza.—Nos supostos a que se refire a presente disposición adicional, a Administración competente para outorga-la concesión administrativa designará o inspector técnico da raza para a realización do control técnico e supervisión dos libros xenealóxicos dos équidos de razas puras equinas, que terá as funcións seguintes:

a) Realiza-lo control técnico da aplicación das normas establecidas para cada raza, tanto a nivel nacional como internacional, comprobando a aplicación delas ós cabalos existentes noutros países, para os efectos da súa inclusión nos libros xenealóxicos españois.

b) Inspecciona-la aplicación dos criterios do libro xenealóxico, o control de rendementos e o esquema de selección, para comproba-la correcta ou incorrecta aplicación das normas correspondentes.

c) Propo-las actuacións en materia de xestión dos libros xenealóxicos que deban ser reexaminadas, confirmadas ou arbitradas.

d) Orientar e propo-las actuacións necesarias para conseguir unha mellora da raza.

e) Propo-la revogación da concesión administrativa para a xestión dos libros xenealóxicos dos équidos rexistrados por incumprimento dos requisitos e condicións que determinaron aquela.

f) Informar dos recursos de alzada contra as descalificacións de animais como reprodutores cualificados, de elite e/ou de entrada no rexistro de méritos.

g) No ámbito da Administración xeral do Estado, o inspector técnico de raza deberá ser funcionario público designado polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Disposición adicional segunda. *Convenios para a xestión dos libros xenealóxicos de équidos de razas de ámbito autonómico.*

O Fondo de Explotación do Servicio de Cría Cabalar e Remonta poderá xestionar-los libros xenealóxicos de équidos das razas de ámbito autonómico, na forma que determinen as comunidades autónomas e no marco dos convenios que, para o efecto, acorden subscribir ámbalas administracións.

Disposición adicional terceira. *Convenios para a inclusión de animais de pura raza doutros países.*

O Fondo de Explotación do Servicio de Cría Cabalar e Remonta e as entidades concesionarias da xestión dos libros xenealóxicos de équidos de pura raza poderán suscribir acordos cos servicios oficiais ou, se é o caso, coas organizacións ou asociacións de criadores doutros países para a inclusión dos seus animais no libro xenealóxico correspondente en España, sempre que as ditas organizacións estean legalmente recoñecidas polos seus países de orixe, cumbran, polo menos, as condicións do artigo 16 e garantan o cumprimento dos criterios establecidos na presente disposición.

Para a realización destes acordos será preceptivo informa-lo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e obter un dictame favorable para a súa consecución.

Disposición adicional cuarta. *Organizacións ou asociacións de criadores de équidos de raza pura de protección especial en perigo de extinción.*

Non obstante o previsto no artigo 16 deste real decreto, as organizacións ou asociacións de criadores de équidos de raza pura, recoñecidas ó abeiro do Real decreto 997/1999, do 11 de xuño, sobre fomento de razas autóctonas españolas de protección especial en perigo de extinción, entenderanse validamente recoñecidas para os efectos previstos neste real decreto.

Disposición adicional quinta. *Prezos públicos.*

Anualmente, por orde do ministro de Defensa, por proposta do presidente do Fondo de Explotación do Servicio de Cría Cabalar e Remonta, fixaranse as contías dos prezos públicos que deberán ser aboadas por tódolos servicios que se presten. Estas cantidades estarán en función dos custos reais que as actuacións supoñan.

Disposición adicional sexta. *Funcionamento do rexistro xeral de organizacións e asociacións de criadores de équidos de pura raza.*

A constitución e funcionamento do rexistro xeral de organizacións e asociacións de criadores de équidos de pura raza, previsto no artigo 18 deste Real decreto, non suporá incremento de gasto público e será atendido cos medios persoais e materiais do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Disposición transitoria primeira. *Criterios transitorios de pureza.*

Mentres non se aproben as ordes que establezan as regulamentacións específicas das razas equinas a que se refire o artigo 2 deste real decreto, continuarán en vigor as disposicións que regulan os criterios de pureza das mencionadas razas, seguindo, se é o caso, os criterios internacionais establecidos para aquelas razas que non se consideran autóctonas.

Disposición transitoria segunda. *Réxime de recursos.*

Os procedementos iniciados con anterioridade á entrada en vigor do presente real decreto rexeranse polo disposto na normativa vixente no momento da súa incoación.

Non obstante, contra as resolucións dictadas ó abeiro da anterior normativa, non definitivas en vía administrativa á entrada en vigor da presente disposición, poderán interperse os recursos administrativos previstos neste real decreto, os cales se rexerán polo disposto nel.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 1026/1993, do 25 de xuño, sobre selección e reprodución de gando equino de razas puras; a Orde 228/1978, do 26 de decembro, do Ministerio de Defensa, pola que se aproba o regulamento do Rexistro-Matricula de Cabalos e Eguas de Pura Raza; a Orde 70/1986, do 21 de agosto, do Ministerio de Defensa, pola que se crea o Rexistro-Matricula para a Raza Cabalar Hispano-Árabe, así como calquera outra disposición de igual ou inferior rango que se opoña ou contradiga o establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa.*

Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para desenvolver-lo presente real decreto e aproba-las regulamentacións específicas das razas puras equinas.

Así mesmo, facúltase o ministro de Defensa para desenvolver-lo real decreto no referente á actuación do organismo autónomo Fondo de Explotación do Servicio de Cría Cabalar e Remonta.

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto constitúe normativa básica e dítase ó abeiro da competencia estatal sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica a que se refire o artigo 149.1.13.^a da Constitución.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 31 de outubro de 2002.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Agricultura, Pesca
e Alimentación,
MIGUEL ARIAS CAÑETE

ANEXO
INDICACIONES MÍNIMAS DEL DOCUMENTO DE IDENTIFICACIÓN

(1) N° d'identification :
Identification N° :
Número de identificación :

(2) Nom:
Name:
Nombre:

(3) Sexe :
Sex :
Sexo :

(4) Robe :
Colour:
Color:

(5) Race:
Breed:
Raza :

(6) par:
by:
por:

(7 a) et :
and :
y:

(7 b) par :
by:
por:

(8) Date de naissance :
(Date of foaling) :
Fecha de nacimiento :

(9) Lieu d'élevage :
(Place where bred):
Lugar de cria :

(10) Naisseur(s) :
Breeder(s) :
Criador(es) :

(11) Certificat d'origine validé le:

par :
Origin certificate validated on:
By:
Certificado de origen aprobado el:
Por:

- Nom de l'autorité compétente :
Name of the competent authority :
Nombre de la autoridad competente :


- Adresse :
Address :
Dirección :

- N° de téléphone :
Telephone number :
N° de teléfono:

- N° de télécopie :
Fax number :
N° de telefax :

- Signature:
(nom en lettres capitales et qualité du signataire)
Signature :
(Name in capital letters and capacity of signatory)
Firme :
(Nombre en mayúsculas y funciones del firmante)

- Cachet
Stamp
Sello



(2) Nom - Name
Nombre

(5) Race - Breed
Raza

(3) Sexe - Sex
Sexo

(4) Robe - Colour
Color

(19) Signalement relevé sous la mère par :
Description taken with dam by :
Reseña gráfica efectuada con la madre por :

(20) Circonscription :
Oistrict :
Circunscripción :

Tête:
Head:
Cabeza:
Ant. G:
Foreleg L :
Delantero izquierdo :
Ant. D:
Foreleg R :
Delantero derecho :
Post G :
Hindleg L :
Trasero izquierdo :
Post D :
Hindleg R :
Trasero derecho :
Corps:
Body:
Cuerpo :
Marques:
Markings:
Marcas :
Le :
On:
El:

(21) Signature et cachet du vétérinaire agréé
(ou de l'autorité compétente)
Signature and stamp of qualified veterinary surgeon
(or competent authority)
Firma y sello del veterinario
autorizado
(21) Signature et cachet du vétérinaire agréé
(ou de l'autorité compétente)
Signature and stamp of qualified veterinary surgeon
(or competent authority)
Firma y sello del veterinario autorizado
(o de la autoridad competente)
(en lettres capitales)
(in capital letters)
(en mayúsculas)

(o de la autoridad competente)
(en lettres capitales)
(in capital letters)
(en mayúsculas)

c

MINISTERIO DE CIENCIA E TECNOLOXÍA

21339 *ORDE CTE/2723/2002, do 28 de outubro, pola que se modifica o anexo IV do Real decreto 222/2001, do 2 de marzo, polo que se dictan as disposicións de aplicación da Directiva 1999/36/CE, do Consello, do 29 de abril, relativa a equipos a presión transportables. («BOE» 265, do 5-11-2002.)*

O Real decreto 222/2001, do 2 de marzo, dicta as disposicións de aplicación da Directiva 1999/36/CE relativa ós equipos a presión transportables, prevendo o aprazamento da súa entrada en vigor para certos equipos incluídos no seu ámbito de aplicación que recollía a Decisión 2001/107/CE, do 25 de xaneiro de 2001, e a adaptación ó progreso técnico que se establece na Directiva 2001/2/CE, do 4 de xaneiro.

O 6 de xuño de 2002 aprobouse a Directiva 2002/50/CE, da Comisión, pola que novamente se adapta ó progreso técnico a Directiva 1999/36/CE. A dita adaptación modifica a redacción que no anexo IV se lle dá ó módulo D co fin de asegura-la súa concordanza co resto da norma.

En cumprimento do indicado no artigo 2 da directiva anteriormente indicada, é preciso dicta-las disposicións nacionais que prevexan e adopten o nela previsto.

A disposición derradeira terceira do Real decreto 222/2001, do 2 de marzo, anteriormente citado, autoriza o ministro de Ciencia e Tecnoloxía para modifica-los anexos do dito real decreto.

De acordo co disposto no artigo 24.1, letra c), da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, esta disposición foi sometida ó trámite de audiencia dos sectores afectados. Tamén foron consultados os órganos competentes das comunidades autónomas e recibiu informe favorable da Comisión de Coordinación de Transportes de Mercadorías Perigosas e polo Ministerio de Fomento.

Esta orde dítase ó abeiro da competencia exclusiva do Estado sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica establecida no artigo 149.1.13.^a da Constitución.

Na súa virtude, dispoño:

Primeiro. *Modificación do anexo IV.*—No módulo D da parte I do anexo IV introdúcese a seguinte modificación:

Substitúese a expresión «certificado CE de tipo» que figura no punto 1, segundo parágrafo do punto 3.1 e primeiro parágrafo do punto 3.2, pola expresión «certificado de exame CE de tipo ou certificado CE de deseño.»

Segundo. *Habilitación normativa.*—Esta disposición dítase ó abeiro da competencia exclusiva do Estado sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica establecida no artigo 149.1.13.^a da Constitución.

Terceiro. *Entrada en vigor.*—Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 28 de outubro de 2002.

PIQUÉ I CAMPS

Excmo. Sr. Secretario de Estado de Política Científica e Tecnolóxica.

XEFATURA DO ESTADO

22187 *LEI 40/2002, do 14 de novembro, reguladora do contrato de aparcamento de vehículos. («BOE» 274, do 15-11-2002.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A realidade social impón a consideración legal da relación xurídica establecida arredor da figura do aparcamento dos vehículos de motor, atendida a masificación do fenómeno, así como os problemas que se derivan da falta dun desenvolvemento lexislativo específico.

A xurisprudencia vén reclamando, neste sentido, a conveniencia da dita regulación específica, para evita-los problemas que se derivan ó incardina-la regulación do aparcamento en diversas figuras contractuais do noso ordenamento civil. A dificultade que iso comporta xera unha ampla marxe de inseguridade ó non delimitar especificamente as respectivas responsabilidades de empresarios e usuarios, especialmente ante o importante número de supostos que a masificación antes invocada comporta nas consecuencias xurídicas do aparcamento.

Por iso, esta lei delimita, en primeiro termo, cáles son os aparcadoiros obxecto dela, distinguíndoos daqueles que, pola súa menor transcendencia, poden ser tratados ó abeiro da ordenación doutras figuras contractuais. É o aparcadoiro público aquel que orixina o maior grao de conflictividade e é a este específico suposto ó que lle que pretende dar resposta esta lei.

Especialmente, abórdase a imprecisa regulación da responsabilidade do titular do aparcadoiro para a restitución do vehículo e dos seus accesorios ou outros efectos, en termos que veñen recoller e resolve-los criterios e as dúbidas presentadas pola xurisprudencia. Por outra parte, ó se regularen as obrigas dos empresarios e usuarios, delimítanse «a sensu contrario», os dereitos que para cada un destes colectivos se orixinan da relación xurídica que o aparcamento comporta. E faise todo iso en termos tales que se acomoda ás características atípicas que precisamente a doutrina veu distinguindo nos aparcamentos.

CAPÍTULO I

Ámbito da lei

Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

Esta lei establece o réxime xurídico aplicable ós aparcamentos nos que unha persoa cede, como actividade mercantil, un espacio nun local ou recinto do que é titular, para o estacionamento de vehículos de motor, cos deberes de vixilancia e custodia durante o tempo de ocupación, a cambio dun prezo determinado en función do tempo de estacionamento.

Artigo 2. *Aparcamentos excluídos.*

Quedan excluídos do ámbito de aplicación desta lei:

a) Os estacionamentos nas denominadas zonas de estacionamento regulado ou na vía pública, tanto se